



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 14 de febreiro de 2013, á vista da solicitude formulada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

BIVALIRUDINA

Na indicación de:

- anticoagulante en pacientes adultos que se someten a intervención coronaria percutánea (ICP), incluídos os pacientes con infarto de miocardio con elevación do segmento ST que se someten a intervención coronaria percutánea primaria.
- tratamento de pacientes adultos con anxina inestable/infarto de miocardio sen elevación do segmento ST (AI/ IAMNST) que van ser sometidos a unha intervención de forma urxente ou temprana.


Segundo as seguintes condicións de uso:

- Pacientes que presenten alto risco de hemorraxia, como alternativa á combinación de heparina + inhibidor de Gp IIb/IIIa, ou
- Pacientes con trombopenia inducida por heparina ou alerxia.

Debe ser administrado xunto con AAS e clopidogrel.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2013

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA



D. Félix Rubial Bernardez

COMISIÓNS DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE